

# COMO CHO CONTO!

## **CEIP Plurilingüe Santa Rita**



**Setembro-Dezembro  
2013**

# Setembro 2013

O día 11 de setembro comezamos a aventura dun novo curso escolar. Démoslle a Benvida ás novas familias que entraron a formar parte da nosa Comunidade Educativa.

AS NOVIDADES:

O **Equipo vermello**. Nenos e nenas de 3 anos, moitos deles con irmáns no cole. Despois de pasar polo período de adaptación xa estarán dispostos a enfrontarse a novos e distintos aprendizaxes. A titora deste novo grupo é a mestra Mónica.



O **Equipo azul**, de 4 anos, este curso ten como titora a Pilar.

O **Equipo verde**, os veteranos da Infantil, contan con mestra nova, a profe Luisa.

**Os de Primeiro.** Cantas novidades! Xa están no primeiro andar, van no recreo ao patio grande. A súa mestra titora é Laura que os acompañará neste importante cambio de etapa. Preparados para ler, escribir, calcular e ...comprender? Temos dous compañeiros novos , Antón e Aitor. Benvidos!

**En segundo...**non hai moitos cambios. Seguimos o mesmo grupo, a mesma titora e a mesma aula! Un ano maiores, iso si e moi ilusionados por aprender cousiñas novas.

**En terceiro,** tamén seguimos o mesmo curso, coa nosa mestra Cristina. A clase aínda se nos fai máis pequena que o ano pasado pois,...seguimos medrando!

**4º curso.** O noso titor agora é Luís. A profe Rebeca, ademais da E. Física é a mestra de Lingua Castelá e de Atención Educativa. As dúas primeiras horas de cada día temos con nós a Ana, a mediadora que axuda a Juan na súa comunicación empregando Lingua de Señas.

**5º curso,** O noso titor é Marcial, o novo mestre de Música. Somos Abalar e estamos emocionadísimos co uso dos ordenadores nas clases. Iniciamos o 3º ciclo de E.P, iso tamén significa que somos colaboradores no Comedor e na Biblioteca, así imos collendo responsabilidades. Estamos sedentos de novas experiencias e de novos aprendizaxes.

**6º, os maiores do cole,** os que se preparan para iniciar para o curso que vén a Etapa Secundaria. Moita responsabilidade! O titor é Pepe. Pois, tócanos traballar moito este último ano e deixar unha boa pegada do noso paso polo centro.

Entre o profesorado tamén hai algunhas novidades:  
Repiten os especialistas e tamén Katie. Que alegría, outro curso máis aprendendo con Katie!


Ademais de Mónica e da profe Luisa, mestres novos son Marcial, Ana Lorigados e Roberto.

Este curso, o CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo está disposto a aprender dentro e fóra do recinto escolar, a través de Actividades Complementarias e Extraescolares así como de novos Proxectos que nos axuden a traballar o desenvolvemento de Competencias Básicas.

Así, xa namais comezar o curso, un grande abano de actividades se nos presentan...

## 20 de setembro

Visita guiada do alumnado do 3º ciclo de E.P á **Exposición da Imprenta do Heraldo**, con motivo do centenario. (1912-2012).



Alí poidemos ver a antiga imprenta, a maquinaria que se empregaba e descubrimos o propio proceso de imprenta do xornal. Foi moi interesante esta visita!


Dentro do programa do Equipo de Dinamización da Lingua, en coordinación co Equipo de biblioteca, decídese que este ano imos **de festa en festa**. Empezamos coas festas do Outono.

Finais de Setembro,

# De Vendima

Antes do Magosto, recollemos a uva e facemos o mosto! Receitas xa temos (recollemos o ano pasado), para agora seren acompañadas de un bo viño, que en Galicia temos. Aprendemos da Vendima. Partimos da colección de libros sobre os alimentos e a súa elaboración, de Baía Edicións.

Coincide que o mes de Setembro e Outubro toca repasar o tema da nutrición en Coñecemento do Medio. Pois, como temos costume, documentámonos nos libros da nosa biblioteca para saber máis e aprender. Ata fixemos unha adaptación do libro "O viño" para traballar o proceso de elaboración e o vocabulario relacionado de xeito máis clariño.



*O viño tamén foi considerado alimento moi importante na dieta dos nosos avós. En Galicia, sobre todo pola parte sur é terra rica en viñedos. Coa uva que se recolle fanse moi bos viños que logo se embotellan e se venden. Non só aquí, senón que se exportan ao estranxeiro e é unha maneira de gañar cartos. O tema da vendima require esforzos. Que haxa boa uva depende de moitos factores, entre eles o climático. Os viñedos hai que coidalos con moito cariño e con moito esmero. Mirar que teñan todo o preciso para dar boas uvas, vixiar para que a uva non se pase de tempo...*

Este ano tivemos a oportunidade de descubrir o proceso de elaboración do viño e do mosto. O proceso derivado da investigación e descubrimento queda ilustrado nun conto titulado “*O viño do avó Quín*” onde a neta do avó Xaquín conta en primeira persoa unha experiencia de vendima no Barco de Valdeorras, un fin de semana coa familia paterna. A inspiración do conto xurdiu das lecturas previas da biblioteca e dunha experiencia real de algún dos nosos mestres en contacto con familias vendimadoras do propio Barco de Valdeorras (Ourense).



Que rico é o Outono, época de colleita, época de moitos froitos que, tamén estudamos na escola. Abríamos este apartado da vendima dicindo que “Antes do Magosto hai que preparar o viño e o mosto”. Anunciábase que este ano íamos ir de festa en festa... Por iso, o mes de **Outubro** tamén o dedicamos a facer todos os **preparativos** terroríficos para a grande festa do Outono...



## Halloween e Samaín

A data oficial é a noite do 31 do Outubro. Este ano o día 31 de outubro non houbo clase...pero fixemos a celebración o día 30. A verdade é que todo o mes de Outubro foi de medo... O alumnado de 5º curso con axuda do seu titor gravaron uns contos de medo aos que lle puxeron efectos sonoros axeitados. Descubrimos que hai moita xenialidade narrativa entre o alumnado de 5º curso. Para

que un conto de moito medo é importante o xeito como se conte e axudan moito uns efectos sonoros ben buscados. Os contos poden escoitarse dende o blog da Biblioteca e tamén se poden descargar. Entre os efectos sonoros empregáronse fragmentos destacados da banda sonora do *Fantasma da Ópera*.

O medo foi conquistado espazos no cole. Os corredores do colexio enchéronse de personaxes como o Conde Drácula, bruxas remexendo nas potaxes, consultando e probando a elaborar novos conxuros, morcegos, ...



Textos para explicar a orixe e a tradicións destas festas,...e...Sorpresa!

Apareceu **Winnie** , **The witch** , a protagonista do conto de Inglés, en 3D. Ela, fiel á caracterización que describe o seu conto presentou na entrada a súa casa, o seu gato negro e mil e unhas lecturas de medo, os libros favoritos da bruxa, títulos como *The black cat*, *Taxi of terror*, *Ghost storys*..... É que esta bruxa le tanto que...mete medo...das cousas que aprende.







Por si non conseguiron facernos tremer de medo cos contos terroríficos, os de quinto chegaron a converterse en verdadeiros zombis . O día 30 marcáronse un **Thriller** , que estiveron ensaiando concienzudamente coa mestra de Educación Física. Ben caracterizados e coordinando movementos descoordinados mostráronnos o ben que saben moverse.


Ese día tamén houbo “xuxes” que nos deixou unha meiga cando ía camiño do Aquelarre.



No truco ou trato deste ano engadíronse ás xuxes ricas galletas de cabaciñas e fantasmas. Houbo tamén mouchos de chocolate e galleta! Mmm...



Como xa é tradición todos os anos, houbo exposición de cabazas decoradas no corredor principal. A actividade trata de involucrar ás familias para que xunto cos seus pequenos (e sempre os pequenos como protagonistas) compartan un ratiño facendo algo xuntos. Os maiores axudan, guían un pouco a actividade, pero quen fan son os peques. Mentres fan o traballo conversan e comparten o momento. Pois diso se trata. Na escola escoitamos atentos as indicacións das mestras para evitar que as cabazas se podrezan rapidamente. Elaboramos na casa seguindo uns sinxelos pasos e recomendacións. Logo, describimos, por escrito os pasos que fixemos. Como fixemos para decorar a cabaza, contamos de onde saíu a cabaza e a fonte de inspiración para decorala dun xeito específico. A verdade é que actualmente hai moitísima decoración de Halloween na rede! Verdadeiras caracterizacións, moitos motivos segundo gustos. De meedoo!



## 8 de Outubro, cita teatral

Desprazámonos ao local do edificio antiga Escola Fogar para asistir a un espectáculo peculiar. Aprendimos o moito que se pode transmitir con “pouca cousa”. Un grupo teatral formado por unha parella de actores. Un escenario moi sinxelo que incluía de xeito discreto a percha coas distintas prendas para que os actores foran

transformando espazos e personaxes de xeito moi natural e doado. Recorremos o ciclo vital das persoas dende a tenra infancia ata a tenra ancianidade, etapas, vida escolar, adolescencia, mocidade, idade adulta. Escenas de escola, comportamentos para identificarse! Moitos aplausos repartimos! Logo, nas clases comentamos e charlamos sobre o que vimos e aprendemos. Aos de sexto tocounos comentar por escrito as nosas impresións. Axudounos nas correccións ortográficas a mestra de Galego Ana Lorigados. Todos, pillando recortes para cando nos toque actuar para un público.



## *Magosto 2013*

Aínda coas cabzas na cabeza...unha festa chama á outra e...toma castaña! Non hai outono sen un bo Magosto. E para poder comer as castañas,...primeiro hai que apañalas! Aínda que temos castiñeiros sen saír do recinto escolar, este ano, despois de levar dous cursos sen saídas fóra, volvimos a ir apañar as castañas a Magazos, aos castiñeiros de Puri. Así, primeiro practicamos nos recreos cos nosos castiñeiros os xogos de pés para sacar as castañas dos ourizos. Os grandes ensinaron aos máis pequenos. Pois foron os do 1º ciclo de E.P os que, ataviados coas súas botas de goma, unha grande e

fermosa cesta e en compañía das mestras Ana Blanco, Montse e Conchi, o 7 de novembro foron ao souto de Puri e pasaron a tarde apañando castañas. As castañas de Puri son de tarde. A nós veunos ben xa que a cita oficial do Magosto no cole cadrou o día 15 de novembro.



Logo de apañar as castañas, houbo que picalas. Iso tocoulle facelo aos mestres, xa que é necesario un coitelo para facerlles un corte nunha esquiña da castaña, para que non rebenten cando vaian ao forno.

Castañas asadas comemos o día do Magosto, día que adicamos tamén aos xogos populares: peóns, corda, goma,... Máis, a climatoloxía do día en cuestión obrigounos a degustar as castañas dentro, no ximnasio.






Só faltaba un grupiño de gaitas en directo! A falta diso, aparato de música e música de Magosto, ruadas, muiñeiras, *A saia da Carolina*...entón arrancámonos a bailar. Logo, como di o dito: nunca choveu que non escampara. Houbo tregua climática e ...mentres os infantís desfrutaban e seguían a bailar con máis espazo no ximnasio, os da Primaria puideron saír ao Pavillón para xogar á corda, bailar o peón, saltar á goma e pasar un bo rato.



Os mestres tamén saltaron á corda!  
Despois dunha festa así, nas clases, vemos as fotos, comentamos e escribimos sobre ese día.



No Como cho conto do curso pasado describíase como celebramos o Magosto no CEIP SANTA RITA, cales son as costumes do noso xeito particular de celebrar esta festa. Isto serviunos para presentar e traballar as semanas previas de preparamento da festa. Deste xeito, por grupos ou ciclos preparáronse os atuendos: gorros e recipientes con motivos alusivos á castaña. Así algúns levaban unha grande castaña na cabeza, ou mesmo un grande ourizo, ou un grande cucurucho invertido de papel de xornal,... A base dos recipientes partiu dun cartón do leite que logo, cada grupo sofisticou ao seu xeito. Moitos, sobre todo dos cursos máis altos preferiron dous compartimentos (castañas e cascas) para andar máis independentes na festa, sen necesidade de estar arredor dunha papeleira. Iso si, mantívose o espírito desta festa romaría. Festa de comunidade, de grupo, como moitas das festas que temos en Galicia. Festas gastronómicas e folclóricas que se celebran en comunidade, grupos que logo forman un grande grupo. Organízanse previamente para que non falte de nada e pónense dacordo no que vai aportar cada un. Os preparativos son case máis importantes ou tanto coma o día da festa. (Nós temos de exemplo de grande Romaría O Naseiro, a finais de Agosto, para dar despedida ao verán) Compartir, pasalo ben e...nas festas de

Outono un dar gracias polos produtos que se recollen nesa época e festa antes do tempo frío do inverno onde a xente recóllese ao quente nas casas, non sae tanto e tira de despensa: castañas, cabazas, xurelos,... Gastronomía e folclore para celebralo todo. Xantar xuntos arredor dunha mesa onde non faltan os produtos típicos, barullar, bailar e parrandear. Este é o xeito como nos gusta facer festas.

A Katie gústanlle moito as festas que temos aquí. Di que en América non hai unha festa coma a do Magosto, por exemplo. Interesámonos e aprendemos das festas importantes de Estados Unidos, o país de orixe de Katie.

En América, un día importante de celebración é o Día de Acción de Gracias...



# Thanksgiving Day

O 4º xoves de novembro.



Pois engadimos ao noso calendario de festas. Traballamos con Katie arredor desta festa: orixe, historia, vocabulario... O Día de Acción de Gracias é unha festa moi importante en USA. As familias reúnense arredor dunha mesa para cear. Sacrifican un pavo e acompañase con produtos da época como cabaza ou millo.

O dito, hai festa cando a xente se reúne. A comida é importante!

## MÁIS CELEBRACIÓNS EN NOVEMBRO



**Día dos dereitos do neno**, O 20 de novembro. Reflexionamos sobre os nosos dereitos revisando traballos que se fixeron anos anteriores sobre o significado deste día e a importancia dos nosos dereitos, entre eles o Dereito á Educación. Os máis pequenos, de Infantil fixeron un mural para lembrar esta celebración.

**Día da non violencia.** Por Iniciativa dos Concellos e a Consellería de Familia e Benestar chegaron a cada un dos centros unha árbore de cartón para que a vestíramos con mensaxes con motivo do Día da non violencia. Nós mimamos a nosa árbore desde o primeiro momento. Reforzámola, fixémoslle un tronco máis robusto e unha base de distintos tonos de verde onde colocar as nosas Mans verdes con mensaxes. Non violencia en xeral e non violencia de xénero!







Unha vez cuberta a Nosa Árbore dos Desexos trasladouse ao Concello, para ser exposta xunto ás árbores portadoras de mensaxes dos colexios do Concello de Viveiro.

## REFORMAS **na nosa Biblioteca**

Durante todo este primeiro trimestre investíronse tempo ,empeño e esforzo para facer pequenos e grandes cambios e así mellorar o funcionamento e uso da Nosa Biblioteca.

- Buscáronse **novos espazos** ben organizados: espazo para o traballo en grupo e o traballo documental, espazo para o tempo de lecer, novidades e exposicións temáticas.
- Renovamos **mobiliario**. Definíronse prioridades, consultáronse varios catálogos e prezos e adquirimos algúns mobles expositores e organizadores de espazo.
- Estudouse o mellor aproveitamento das **tecnoloxías** ao servizo da biblioteca. Pizarras Dixitais , equipos informáticos e


outros dispositivos electrónicos nos novos espazos de consulta e traballo documental.

- Ordenáronse os fondos e invertéuse en señalética para a súa mellor localización nos estantes.
- Alumnos de 4º, 5º e 6º curso participan como colaboradores da Biblioteca na ordenación de fondos, préstamos, xestión do espazo de lecer,...
- Na busca de mascota para a nosa biblioteca. Organizouse un concurso de personaxe inédito, historia e lema. Participou todo o alumnado con propostas moi variadas dende Infantil ata 6º curso de primaria. (Pódese consultar o desenvolvemento do Concurso no propio blog da biblioteca).

A nova é que ... Xa temos mascota!



**GALDIÑO** é un coello de Galdo e pequeniño. Naceu no Monte Castelo e dende ben pequerrecho soñaba con ser bibliotecario.



# Plantando tulipáns



A mestra Ana Blanco, sempre pendente dun xardín fermoso, á entrada do colexio.

Trátase de “*ser Xardineiros máis que construtores*”. (Paulo Coello, cita de Fina Casalderrey na Revista Galega do Ensino). Tulipáns que aguantan ben o frío e logo, en marzo, anunciarán a primavera. O alumnado de Infantil tomou boa nota para plantar os tulipáns.

1. Prepárase ben a terra, fanse os regos.
2. Póñense os bulbos separados no rego e co piquiño cara arriba.
3. Logo, tápanse suaviño botándolle terra por riba, coas mans. Coidado, para non pisar polo plantado e deixar medrar!



MOLA A NOSA VELETA!



Respecto ás plantas, uns seres vivos que debemos coidar e que nos dan tanta vida!



Desde primeiros do mes de novembro, o noso centro participa na primeira fase de proba desta aplicación para smartphone e tablets, de descarga gratuíta, que a Consellería de Educación pon a disposición de pais e nais para seguir a actividade educativa dos seus fillos a través de dispositivos móbiles: solicitar titorías, recibir avisos ou notificacións, consultar calificacións ou faltas de asistencia. É dicir, levar unha comunicación máis directa colexio-familias.

Nesta primeira fase piloto participaron xa en torno ao 50% das familias do alumnado matriculado.



# Nadal,

Outra festa que require de moitos preparativos. Este ano os dous cores da ornamentación son o verde e o vermello.

- As simpáticas **botiñas de Infantil** nas que tiveron que picar, recortar e pegar purpurina.
- Vistasas **pombas de gala do 1º ciclo** de E.P. Recortando liñas curvas, dobrando papeis brillantes e seguindo unhas instrucións.
- As traballosas **estrelas do 2º ciclo**. Para estas , as instrucións xa eran un pouco máis complexas de seguir e habilidades máis específicas. Manexaron grampadoras. Iniciáronse a facer a partir dunha plantilla.
- As **arboriñas do 3º ciclo**, empregando técnicas vistas como o uso plantillas e a superposición de capas e pezas para chegar a unha composición final.
- As asimétricas **estrelas** de Olga á subida das escaleiras e as sofisticadísimas estrelas de Conchi .

O Belén, a árbore, o Papa Noel,...os corredores enchéronse de ornamentación de Nadal: renos, neve, acivros, trineos, Papa Noeles, árbores de Nadal, rodas ou espumillóns de nadal moi creativos.

En suma, todo un derroche de creatividade artística , espírito dun nadal de gala,...oportunidades para crear e facer coas propias mans.



Preparando ornamentación e preparando festival. Lembremos que desta volta, imos de festa en festa. E a festa do Nadal é case internacional. É festa de inverno e frío, festa de gala, festa de familia, festas para dentro da casa. Música de Panxoliña aínda que non necesariamente.

# Festival do Nadal

Despois de varios cambios no guión inicial, a orde de actuación quedou desta maneira:

1. **Cantata de Nadal.** 4º e 5º E.P debutaron xuntos e fixérono moi ben. Paula de 5º era a narradora. Clara ao piano-órgano, Xosé e Antía nos xilófonos, Xoel co Bombo e o mestre Marcial dirixindo cada detalle. Juan, desfrutando da música coas mans nos altosfalantes. Todos aprenderon moito montando esta Cantata musical: a combinación de distintos instrumentos e aptitudes musicais, a narración oral, a participación conxunta,...





2. Os peques de Infantil (3 anos, 4 anos e 5 anos) cantáronnos **Polo nadal, Turrón e Mazapán**, unha fermosa panxoliña que acompañaban con xestos e que estiveron ensaiando cas súas mestras para ir un pouco acompañados. Que riquiños!



3. Espectacular actuación de 1º curso, que se atreveu a facer un **conta contos sobre o ballet de Tchaikovsky "O lago dos cisnes"**. Cada un deles, co seu trociño, lían por orde. Un presentador de luxo: Martín Dovale, que apareceu moi elegante coa súa garabata vermella. Que ben arrancan a ler os de primeiro e que interesante posta en escena. Maquillaxe de ballet e lectura narrativa. Mentres, na pantalla presentábase o ballet polo Ballet de Moscú. Ao final, con moita simpatía, Martín, o presentador invítanos a ver o ballet orixinal e pide un aplauso ben merecido!



4. Outra mensaxe e panxoliña de nadal. **2º curso** dedicou un “**Bo Nadal, Felicidades**” onde incluían as personaxes do Nadal: Papa Noel, Santa Claus, Os Reis Magos e mesmo O Apalpador do Courel para dar a súa mensaxe, desde Galicia e en galego, esta mensaxe de nadal. Ao final da súa actuación encheron todo de serpentinas e confeite.





5. **4º curso** cantaron en inglés, disfrazados de verdadeiras árbores de nadal fixeron unha simpática coreografía Hoo-hoo-hoo, hee-hee-hee. O público podía seguir a letra (lyrics) a través da pantalla. **“I,m the happiest Christmas tree”** arboriñas felices porque se converteron en árbores de nadal adornadas con luces, bolas, campás,...brillantes. Que diría unha árbore de nadal? Pois... Son feliz, son unha feliz árbore de Nadal.



6. **3º curso**, elixiu unha mensaxe moi clara e esta vez en Lingua Castelá. **En Navidad- de Rossana**. Cantaron e bailaron coordinados esta canción.



DIME NIIÑOO... ¿DE QUIEN EREES....  
TODO VESTIIDOO.... DE BLANCOO....



7. **5º curso.** Divertida escena e canción en Inglés **“Coming down the chimney”**. Con pixama e peluches, bailando diante da cheminea, ven como baixa o propio Santa Claus por ela.



A propósito, vaia luxo de Cheminea e escenario!. A mestra Mari é unha verdadeira artista! Con tres caixas de cartón, papel e témperas armou unha auténtica cheminea con todo detalle: ladrillo, pedra ,calcetíns colgados, leña e ata luume!.Que artistada! Arredor da lograda cheminea, cadros e fotos decorando a parede e facendo un fogar acolledor. Escenas familiares. O escenario converteuse nunha acolledora escena de interior, de Nadal. Con pouca cousa pero con creatividade ben aplicada tivemos escenario no mesmo cole, sen ternos que desprazar ao Teatro, como noutras ocasións. Claro que máis vistoso e espectacular sería no Teatro pero o noso austero

escenario non estivo nada mal. Todo o contrario, quedou moi xeitoso!

No espazo de infantil montouse o escenario. Rescatáronse as nosas vellas cortinas que quedaron como novas logo de seren repasadas á máquina por Ana Blanco. Completou o escenario a parte técnica: pantalla onde se ía proxectando imaxes alusivas a cada actuación.

8. **6º curso.** Que ben estiveron os nosos maiores do cole! Primeiro interpretaron un fragmento moi coñecido de **Titanic**. Foi unha peza totalmente instrumental na que o alumnado de 6º se aplicou moito. E que... temos moita sorte neste cole! Aprendemos en música a tocar instrumentos e a tocar conxuntamente e moitos de nós imos ao Conservatorio. Isto é moi aproveitable á hora de preparar actuacións no cole. Con un vestiario pouco usual no caso das mozas, como de época. Sara Berdeal amosa un gran pau de choiva.



9. Xa case no remate do festival faise o Acto oficial de entrega do premio ao gañador do concurso da Mascota da Biblioteca, O GALDIÑO. Mostrábase un Roque Basanta emocionado e agradecido por tal recoñecemento. O premio, como non podía ser de outra maneira consistía en tres libros de lectura moi conectados cos intereses do seu futuro lector.



Escolléronse, con este criterio tres títulos:



”*Diario secreto de Pulgarcito*”, “*O capitán Aspanitas e o misterio das Burgas*”, e...empatando co lema de este ano de Aprender ciencia na biblioteca,..”*¿Tienen los animales que lavarse los dientes?*” Ademais da nutrición, este primeiro trimestre, en Coñecemento do Medio ata o 4º curso estivemos liados cos animais e as súas clasificacións: vertebrados e invertebrados, ovíparos ou vivíparos... Así que a Roque Basanta sabemos que lle han gustar os libros.

10. Ampliamos o escenario para a actuación final de cerre de festival: **Unha Polonesa** que se marcaron os de 6º. Agora entendemos mellor o vestiario que presentaban as mozas. Parellas dinámicas e sorridentes fixeron moi ben a posta en escena deste baile polaco.



Con todo isto entón damos por ben inaugurado o novo proxecto Comenius "**Shall we dance?**"

A primeira semana de novembro viaxaron a Polonia a mestra coordinadora do Comenius Mari Pernas, o noso director Xosé Luís Ramallal e a nosa auxiliar de conversa Katie. Alí reuníronse e inauguraron o novo proxecto cos socios polacos, franceses e

rumanos. Un proxecto que nos terá ocupados por dous cursos escolares coa temática do baile. Por iso nos esforzamos moito para educar o corpo, para bailar e aprender do baile. Algunhas actuacións do festival de nadal ían enfocadas a presentar e desenvolver este novo proxecto. A polonesa, o conto ballet do “Lago dos cisnes”, as variadas coreografías que se ensaiaron. Tamos preparados e listos... Bailamos? Pois...bailamos Santa Rita, bailamos...yes of course!

Empezamos este trimestre e ...seguiremos ao longo do curso con novas actividades e novas aprendizaxes.

Agora, nestas festas, despois do derroche de enerxía demostrado, necesítase un descanso. As vacacións constitúen moitas oportunidades para compartir o momento en familia e pasar bos momentos xuntos grandes e pequenos. Pois...a desfrutar da familia e dos amigos!

